

BANDO

TERMALISMO SOCIAL IMSEISO

REQUISITOS:

1. Ser pensionista do sistema da Seguridade Social polos conceptos de: ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema de Seguridade Social español, pensionista de viudedade con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español, pensionista por outros conceptos ou receptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español ou ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade.
2. Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
3. Poder valerse por si mesmo/a para realizar as actividades da vida diaria.
4. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
5. Acadar de conformidade coa valoración establecida a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas. Ponderaranse as seguintes variables; grao de necesidade de recibir os tratamentos termais, situación económica e idade dos/das solicitantes, que non disfrutara da praza en anos anteriores e se o/a solicitante e membro dunha familia numerosa.

BENEFICIOS:

As quendas poderán ter unha duración de 12 ou de 10 días cada unha comprendendo os seguintes servizos: aloxamento e manutención en réxime de pensión completa, tratamentos termais e póliza de seguro.

PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Para as quendas dos meses **de febreiro a agosto**:
 - Terán prioridade na adxudicación de prazas as solicitudes entregadas ata o 4 de xaneiro de 2018.
 - Para a súa inclusión, na lista de agarda o prazo de entrega das solicitudes rematará o 10 de maio de 2018.
- Para as quendas dos meses **de setembro a decembro**:
 - Terán prioridade na adxudicación de prazas as solicitudes entregadas antes do 11 de maio de 2018.
 - Para a súa inclusión, en lista de agarda o prazo de entrega das solicitudes rematará o 31 de outubro de 2018.

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

Servizos Sociais do concello de Soutomaior de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas.

Soutomaior, 12 de decembro 2017
O ALCALDE

Documento asinado dixitalmente á marxe